

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Literatura oral

Cantigüelas de Bergantiños (VI)

Si la mar fuera de leche
como es de agua salada,
yo me casaba contigo
aunque no tuvieras nada.

Pola Ponte de Monelos,
vintecatro sastres van,
con vintecatro cardeñas
para matar unha ran.

A muller do meu irmán
chamoume cara lavada :
pásache o río pola porta,
lávate miña cuñada.

Cantiguiñas saber, seichas,
se as quixera dicer :

o máis delas son pedradas,
xa me podes entendere.

O vello a máis a vella
foron ós carabullíños :
o vello caiu de cú
e a vella de fuciños.

Vámonos de aquí, que é hora,
vámonos de aquí, que é día,
vai o carro das estrelas
do lado da travesía.

Adios no te lo digo
que es palabra de llorar.
Adios se dice a los muertos,
cuando se van a enterrar.

[Recompilación de Luis Antonio Giadás Álvarez, de Ponteceso (A Coruña), na bisbarra de Bergantiños,
remitida en xuño de 2009]